# FICHA DE COMPILADOR

**Nome**: Xosé Ramón Mariño Ferro

**Data de nacemento**: 1950

**Lugar de nacemento**: Castrofeito — O Pino (A Coruña)

**Biografía**:

Realizou estudos na Universidade de Santiago e na Complutense de Madrid, onde se licenciou e posteriormente doutorou en antropoloxía americana cunha tese sobre unha comunidade quechua do altiplano de Bolivia.

Na actualidade é profesor titular de Antropoloxía na Facultade de Filosofía da Universidade de Santiago. Publicou máis de vinte libros sobre Galiza, dedicados a temas como a bruxería, o Entroido, as romarías, o simbolismo animal ou os contos marabillosos, así como numerosos artigos e relatorios en actas de congresos ou cursos.

Realizou traballo de campo en Bolivia e en diversas localidades de Galiza. No ano 2008 obtivo o premio «Ángel Carril» de antropoloxía, convocado pola Excma. Deputación Provincial de Salamanca.